

Cooperativismo e Economía Social, nº 35 (2012-2013), pp. 147-152

## **ACORDOS DO CONSELLO REITOR DE NATUREZA SANCIONATORIA. COMENTARIO DA SAP DE BURGOS NÚM. 214/2012 (SECCIÓN 3ª), DE 23 DE MAYO.**

Sinesio NOVO FERNÁNDEZ

### **Resumo**

Dous socios da COOPERATIVA AVÍCOLA Y GANADERA DE BURGOS, en concreto as persoas xurídicas GUTIÉRREZ EXPORCI, S. L. e ÁLAMO DOMINGO, CARLOS Y PEDRO, S. C., presentan demanda pola que impugnan dous acordos do Consello Reitor da cooperativa á que pertencen

O primeiro dos acordos impugnados impoñía a ambas as dúas sociedades demandantes o pago dunha cláusula penal por incumprimento das obrigas dos cooperativistas. Dita cláusula atopábase prevista no contrato asinado polas actoras cando se incorporaron á cooperativa, no cal tamén se expresaba que os socios se obrigaban a entregar toda a produción de porcos para o sacrificio no matadoiro que a cooperativa designe durante todo o período de duración do contrato. É, precisamente, o incumprimento desta concreta obriga, o que motiva a aplicación polo Consello Reitor da cláusula penal. Fronte ó acordo que impoñía o pago da cláusula, os cooperativistas sancionados interpuxeron recurso ante a Asemblea Xeral, que foi inadmitido polo mesmo Consello.

A inadmisión a trámite, polo susodito órgano cooperativo, do recurso presentado polos demandantes, constitúe o segundo dos acordos obxecto de impugnación na vía xurisdiccional.

O Xulgado do Mercantil nº1 de Burgos ditou sentenza en data 16 de xaneiro de 2012, pola que estimaba a excepción de falta de lexitimación da sociedade civil demandante. Considerou o tribunal de primeira instancia que as sociedades civís que non se constituíron en escritura pública ou non se inscribiron no

Rexistro Mercantil carecen de personalidade xurídica propia e independente da do resto dos socios que as integren.

Contra a sentenza absolutoria ditada en primeira instancia, os demandantes presentan recurso de apelación, do que coñece a Sección Terceira da Audiencia Provincial de Burgos.

En primeiro termo, a sentenza da Audiencia apártase da tese sostida polo Xulgado do Mercantil en canto á personalidade xurídica da sociedade civil demandante. En aplicación de xurisprudencia tanto do Tribunal Supremo como da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, en todo caso posterior á sentenza citada polo xulgador de primeira instancia, a Audiencia Provincial recoñece a personalidade xurídica da sociedade civil recurrente. Segundo a mencionada xurisprudencia do Tribunal Supremo, os dous requisitos de inscrición no Rexistro e constitución en escritura pública xa non constitúen unha esixencia ineludible para que unha sociedade mercantil ostente personalidade xurídica, podendo ser substituídos pola chamada publicidade de feito nas relacións da sociedade con terceiros. Esta mesma doutrina, logo da resolución da Dirección Xeral dos Registros e do Notariado, de 14 de febreiro de 2002, sería extensible ás sociedades civís irregulares.

En segundo termo, unha vez desestimada a excepción procesual, a Audiencia Provincial vese na necesidade de entrar no fondo do asunto. Viamos anteriormente que os recurrentes impugnaron dous acordos do Consello Reitor, un de data 28 de setembro de 2010, e outro de data 29 de decembro do mesmo ano. A impugnación do primeiro, que impoñía ós demandantes o pago dunha cláusula penal por incumprimento das súas obrigas como cooperativistas, fundamentabase na infracción do principio de audiencia e na desproporción e carácter desorbitado da sanción. O segundo acordo obxecto de impugnación refírese á decisión do Consello Reitor de non admitir o recurso presentado ante a Asemblea Xeral polos socios sancionados. Os demandantes solicitan a nulidade de devandito acordo por non respectar o procedemento regulado na Lei de Cooperativas de Castela e León, que prevé a impugnación dos acordos sancionatorios ante o Comité de Recursos e, na súa falta, ante a Asemblea Xeral, como vía previa e obrigatoria para acudir á xurisdición ordinaria.

Finalmente, a sentenza da Audiencia Provincial de Burgos declara nulo o acordo do Consello Reitor de 28 de setembro de 2010, por estimar que o incumprimento que orixina a aplicación da cláusula penal identifícase, á súa vez, co suposto de feito dunha falta moi grave tipificada nos estatutos da cooperativa, como é o incumprimento da obriga de poñer a disposición da Agru-

pación a totalidade da produción referente ó produtor ou ós produtos para os cales se adheriron. Xa que logo, estamos perante un acordo sancionatorio do Consello Reitor que debe respectar, como non foi o caso, o principio de audiencia ós interesados preceptuado no artigo 24.3.b da Lei de Cooperativas de Castela e León. O carácter sancionatorio do acordo de 28 de setembro de 2010 tamén conduce á Audiencia Provincial de Burgos a declarar a nulidade do acordo de 29 de decembro de 2010, polo cal o Consello Reitor inadmitía a trámite a impugnación do anterior acordo ante a Asemblea Xeral.

## ANOTACIÓN

### *I. Personalidade xurídica da sociedade civil*

As principais cuestións que suscita a sentenza da Audiencia Provincial de Burgos pódense reducir a unha de índole procesual e outra de carácter substantivo. Respecto da primeira, semella claro que se trata de decidir si a sociedade civil que aparece como recorrente ten personalidade xurídica e, polo tanto, a lexitimación activa necesaria para ser parte no procedemento de impugnación de acordos nulos. Neste punto, a opinión da Audiencia, contrariamente ó manifestado na sentenza da primeira instancia, móstrase favorable a admitir a personalidade xurídica de ÁLAMO DOMINGO, CARLOS Y PEDRO, S.C.

Como oposición á doutrina acollida na sentenza que nos incumbe, é interesante apuntar a recente e controvertida resolución da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, de 25 de xuño de 2012, que entre outras cuestións declara: “resulta hoxe claramente que foi vontade do lexislador -que debe ter valor preferente para o intérprete- que só tivesen personalidade xurídica as sociedades civís que cumprisen un plus de requisitos e que son os mesmos que se esixen no Código de comercio para que as sociedades mercantís teñan personalidade xurídica”.

Isto no entanto, segue sendo maioritaria a doutrina que admite a personalidade xurídica das sociedades civís non inscritas no Rexistro Mercantil, postura coincidente con xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo. En virtude da sentenza do alto tribunal, de 7 de marzo de 2012, o noso sistema non esixe a inscrición das sociedades civís en rexistro algún e nin o art. 1669 do Código Civil nin o artigo 35 do mesmo Código supeditan á inscrición o recoñecemento da personalidade das asociacións de interese particular, sexan civís, mercantís ou industriais, ás que a lei conceda personalidade propia, independente da de cada un dos asociados. A esta liña xurisprudencial axús-

tase igualmente a interesante sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía, sé de Granada, de 2 de xullo de 2012. Segundo a mesma, os pactos efectuados pola sociedade en cuestión eran públicos por constar en escritura, para tal efecto non é requisito imprescindible que estivese inscrita no Rexistro Mercantil, pois tal circunstancia poderá dotar de maior publicidade, pero a súa ausencia non significa que os pactos sexan secretos. Así e todo, a constancia en escritura pública e a contratación polos órganos sociais non deixan lugar a dúbidas de que a entidade actuaba no tráfico xurídico como suxeito de dereito. No caso que nos ocupa, apreciamos claramente que o pacto polo cal a sociedade civil recurrente se incorpora á Cooperativa consta en escritura pública, polo que os argumentos do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía son perfectamente aplicables á sentenza obxecto da presente análise.

## ***II. Naturaleza sancionatoria dos acordos do consello reitor***

Unha vez resolta a cuestión procesual, é obrigado atender ós argumentos de fondo suscitados polos recurrentes para impugnar os acordos do Consello Reitor. A enumeración de todos eles lévanos a concluír que o recurso se fundamenta na desproporción e carácter desorbitado da sanción, na infracción do principio de audiencia para a súa imposición e na non admisión dun recurso suscitado, ante a Asemblea Xeral, contra o acordo sancionatorio do Consello Reitor.

O primeiro dos argumentos relacionados non foi aceptado polo tribunal de apelación para estimar o recurso. Trátase de considerar desproporcionada a cuantía que o acordo do Consello Reitor de 28 de setembro de 2010 impuxo ós recurrentes por aplicación dunha cláusula penal. En orde á determinación da devandita cantidade, a Audiencia Provincial entende que os cálculos efectuados son correctos, segundo informe do perito xudicial. Tendo en conta que a forma de obter a cuantía da indemnización formúlase en termos obxectivos na propia cláusula penal, non atopamos atranco algún á decisión da Audiencia. Di a cláusula que o socio incumpridor pagará a parte pendente de amortizar tomando unha proporción ou prorrateo de 9 anos sobre o investimento realizado no momento de asinarse este contrato e a que se puidese realizar ata o momento en que ocorra o incumprimento do socio. O período de tempo ó que se extenderá esta obriga de pago por parte do socio será o que reste ata que se cumpran os cinco anos pactados de duración do presente compromiso.

Deixando á marxe a discusión sobre o carácter desproporcionado da sanción imposta polo acordo do Consello Reitor de 28 de setembro de 2010, a

apreciación dos restantes argumentos de fondo do recurso redúcese a determinar si o devandito acordo presenta ou non natureza sancionatoria. Os recurrentes pretenden tanto a declaración de nulidade do acordo do Consello que lles impón o pago dunha cantidade de diñeiro, en aplicación da cláusula penal prevista na escritura de constitución da cooperativa, como a nulidade da inadmisión do recurso contra o anterior acordo, presentado ante a Asemblea Xeral.

En virtude do artigo 39 da Lei de Cooperativas de Castela e León, en relación co artigo 45.4 da mesma lei, son nulos os acordos do Consello Reitor contrarios á lei. Os recurrentes consideran nulos os acordos impugnados porque entenden que, no caso do de data 28 de setembro de 2010, non se lles proporcionou ós interesados a audiencia prevista no artigo 24.3.b da Lei de Cooperativas de Castela e León e, no caso do acordo de data 29 de decembro de 2010, infrínxese a letra c do mesmo artigo, que permite a impugnación do acordo de sanción ante a Asemblea Xeral. Para podermos determinar si houbo vulneración da lei e, en consecuencia, que os acordos impugnados sexan declarados nulos, debemos concluír si os preceptos mencionados son aplicables ó suposto de feito. No artigo 24.3 recóllense unha serie de normas mínimas que han de observar os procedementos sancionadores, regulados con maior detalle nos estatutos das cooperativas. Así as cousas, tendo en conta que o Consello Reitor da cooperativa recurrida non respectou ningún dos trámites legais que han de seguirse nun expediente sancionador, chegamos á conclusión de que, para considerar a nulidade solicitada polos demandantes, debemos de concluír a natureza sancionatoria do acordo de data 28 de setembro de 2010. Tralo exame dos fundamentos de dereito da sentenza da Audiencia, apreciamos que un mesmo suposto de feito é subsumible, á vez, nunha infracción moi grave, tipificada nos estatutos da cooperativa recurrida, e nunha estipulación contractual, integrada na escritura de constitución de devandita sociedade e sancionada cunha cláusula penal. Esta establece unha obriga de pago ós socios firmantes que non entreguen toda a produción de porcos para o sacrificio no matadoiro que a cooperativa designe durante todo o período de duración do contrato. Pola súa banda, os estatutos da COOPERATIVA AVÍCOLA Y GANADERA DE BURGOS cualifican como falta moi grave o incumprimento, por parte dos socios, da obriga de poñer a disposición da Agrupación a totalidade da produción referente ó produtor ou ós produtos para os cales se adheriron. Resulta evidente que a conduta descrita na cláusula penal constitúe, ó mesmo tempo, unha falta estatutariamente tipificada. Neste punto estamos dacordo coa Audiencia en que, de non considerarmos sancionatoria a resolución do Consello Reitor de 28 de setembro de 2010,

estaría permitindo a inaplicación do procedemento sancionador e as consiguientes garantías legais que supón para os socios infractores e, do mesmo xeito, eludiríase o control da Asemblea Xeral, que é competente para coñecer dos recursos non xurisdiccionais fronte ós acordos sancionatorios do Consello. A esta interpretación podemos engadirlle o principio xeral do dereito in dubio pro reo, posto que, polo tipo de materia de que se trata, as dúbidas han de resolverse en beneficio do socio (Morillas Jarillo, M. J. e Feliú Rei, M. I., Curso de Cooperativas, segunda edición, Madrid, 2002, p. 197).